



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

¿Reformar ou Deformar?

Vigo, 18 de Febreiro de 2010

“Segundo oídas” a Dirección pretende “reformar” o Documento da Bolsa de Horas.

A C.I.G., antes de que se sirva ese prato, queremos manifestarlle que algúns dos ingredientes que se pretenden incorporar son incompatibles coa finalidade, polo que na súa creación -todo o Comité- déramos a nosa aprobación, que non era outra que evitar Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (Paros Técnicos).

Que a Dirección tivese tanta preocupación por cobrar, cando son a maioría ós que se lles adeuda, sorprenderíanos.

Pretender que os traballadores/as que se atopan con saldo negativo, para reduci-lo, poidan incluso mermar as súas nóminas. Aínda que se adorne coa tan vilipendiada palabra de VOLUNTARIEDADE, cando todos/as sabemos que hai preguntas que só admiten, SI ou... SI. Ofrece dúbidas razoables.

Sobre este colectivo que se atopa con déficit, cabería antes preguntarse, ¿cantos deses días que foron, e incluso están previstos consumir, son froito de non haber equilibrado as Liñas? ¿De que serviu entón que os traballadores/as do Sistema II, fóramos precisamente a conta da bolsa de horas os 6 días de finais do 2007 para proceder a reformar as instalacións e poder facer así furgonetas?

¿Sendo o mecanismo da Bolsa interanual, poderíamos corrixir o saldo con un maior equilibrio entre Liñas?

¿Cómo se entendería que unha vez que amortizásemos cos nosos salarios o saldo, nos meses seguintes entrásemos en saldo positivo? ¿Voluntariamente tamén poderíamos cobrar?

¿Onde está ese mesmo interese para cos traballadores/as que tendo superávit na Bolsa, non poden dispor de ningún destes días? Non esquezamos que incluso, chegouse a suspender para este ano, o poder utilizar o día de disfrute individual que temos en Convenio.

Son demasiados interrogantes que, desgraciadamente cando se fala de “reformar” algo que afecta ós traballadores/as, o resultado soe ser para deformar.

Se non é para mellorar, mellor non tocar.

Confederación Intersindical Galega